

## A PLATAFORMA DE INNOVACIÓN SANITARIA

O Servizo Galego de Saúde a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde transforma o xeito en que as persoas implicadas no sistema sanitario público galego se relacionan e participan nel. A través da implantación e xestión dun **modelo de innovación aberta e de enfoque social**, ábreanse oportunidades ilimitadas para que profesionais, pacientes, cuidadores, empresas e demais perfís implicados acheguen ideas de mellora baseadas na súa experiencia.

A ferramenta para canalizar estas ideas e convertelas en proxectos con resultados aplicables á realidade cotiá da práctica asistencial é a **Plataforma de Innovación Sanitaria da rede de Nodos de innovación**. O seu gran reto é introducir cambios de forma áxil, substituíndo procesos pouco eficientes por alternativas de maior calidade e estendéndoos a todo o sistema de saúde.

**Da idea ao proxecto.** Ademais de ocuparse de avaliar e apoiar o desenvolvemento dos proxectos, os profesionais da rede de Nodos de innovación colaboran no seguimento necesario tras a implantación para asegurar o impacto dos seus resultados, é dicir, que estes realmente supoñen **unha mellora substancial na prestación do servizo de saúde ao que afectan**.

Durante todo o proceso, búscase axilizar **trámites administrativos e toma de decisións**, escoller as convocatorias de **financiamento** máis axeitadas, identifican e contactan socios e realizar tarefas de **asesoramento e soporte** en calquera outro ámbito prioritario para que o proxecto se converta nun novo produto ou servizo sanitario.

Deseñada como unha utilidade viva que continuamente explora novas dinámicas de participación, a plataforma constitúe unha fórmula totalmente innovadora de fortalecer o sistema de saúde. O pulo a unha **actitude aberta, proactiva e participativa** por parte das persoas e a adecuada xestión do coñecemento compartido por elas son os eixes da actuación da Rede de Nodos de innovación sanitaria neste eido.